



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Remítese informe sobre o **Prego de cláusulas particulares que rexerá no procedemento aberto e trámite ordinario e documentalmente simplificado para o contrato dun suministro sucesivo de forraxe para a sociedade mercantil pública autonómica xenética fontao, s.a.**

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017.

Letra da Xunta de Galicia

Letrada- xefe do Gabinete de Asesoramento e apoio a actualización normativa.

Beatriz Allegue Requeijo.



XENETICA FONTAO, S.A

Fontao, s/n - Esperante - 27210 Lugo

13. The first of the two
14. The second of the two
15. The third of the two
16. The fourth of the two
17. The fifth of the two
18. The sixth of the two
19. The seventh of the two
20. The eighth of the two
21. The ninth of the two
22. The tenth of the two
23. The eleventh of the two
24. The twelfth of the two
25. The thirteenth of the two
26. The fourteenth of the two
27. The fifteenth of the two
28. The sixteenth of the two
29. The seventeenth of the two
30. The eighteenth of the two
31. The nineteenth of the two
32. The twentieth of the two
33. The twenty-first of the two
34. The twenty-second of the two
35. The twenty-third of the two
36. The twenty-fourth of the two
37. The twenty-fifth of the two
38. The twenty-sixth of the two
39. The twenty-seventh of the two
40. The twenty-eighth of the two
41. The twenty-ninth of the two
42. The thirtieth of the two
43. The thirty-first of the two
44. The thirty-second of the two
45. The thirty-third of the two
46. The thirty-fourth of the two
47. The thirty-fifth of the two
48. The thirty-sixth of the two
49. The thirty-seventh of the two
50. The thirty-eighth of the two
51. The thirty-ninth of the two
52. The fortieth of the two
53. The forty-first of the two
54. The forty-second of the two
55. The forty-third of the two
56. The forty-fourth of the two
57. The forty-fifth of the two
58. The forty-sixth of the two
59. The forty-seventh of the two
60. The forty-eighth of the two
61. The forty-ninth of the two
62. The fiftieth of the two
63. The fifty-first of the two
64. The fifty-second of the two
65. The fifty-third of the two
66. The fifty-fourth of the two
67. The fifty-fifth of the two
68. The fifty-sixth of the two
69. The fifty-seventh of the two
70. The fifty-eighth of the two
71. The fifty-ninth of the two
72. The sixtieth of the two
73. The sixty-first of the two
74. The sixty-second of the two
75. The sixty-third of the two
76. The sixty-fourth of the two
77. The sixty-fifth of the two
78. The sixty-sixth of the two
79. The sixty-seventh of the two
80. The sixty-eighth of the two
81. The sixty-ninth of the two
82. The seventieth of the two
83. The seventy-first of the two
84. The seventy-second of the two
85. The seventy-third of the two
86. The seventy-fourth of the two
87. The seventy-fifth of the two
88. The seventy-sixth of the two
89. The seventy-seventh of the two
90. The seventy-eighth of the two
91. The seventy-ninth of the two
92. The eightieth of the two
93. The eighty-first of the two
94. The eighty-second of the two
95. The eighty-third of the two
96. The eighty-fourth of the two
97. The eighty-fifth of the two
98. The eighty-sixth of the two
99. The eighty-seventh of the two
100. The eighty-eighth of the two
101. The eighty-ninth of the two
102. The ninetieth of the two
103. The ninety-first of the two
104. The ninety-second of the two
105. The ninety-third of the two
106. The ninety-fourth of the two
107. The ninety-fifth of the two
108. The ninety-sixth of the two
109. The ninety-seventh of the two
110. The ninety-eighth of the two
111. The ninety-ninth of the two
112. The hundredth of the two



Asunto: **Informe**

Recibido nesta Asesoría Xurídica o **prego de cláusulas particulares que rexerá no procedemento aberto e trámite ordinario e documentalmente simplificado para o contrato dun suministro sucesivo de FORRAXE para a sociedade mercantil pública autonómica xenética fontao, s.a.** emítese o seguinte

INFORME:

Xúntase coa petición de informe a seguinte documentación:

- Prego de cláusulas particulares.
- Prego de cláusulas técnicas.

1- De acordo co disposto no artigo 115 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Nos pregos de cláusulas administrativas particulares incluíranse os pactos e condicións definidores dos dereitos e obrigas das partes do contrato e as demais mencións requiridas por esta Lei e as súas normas de desenvolvemento.

A aprobación dos pregos e dos modelos requirirá o informe previo do Servizo Xurídico respectivo. Os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares incluírán os pactos e condicións, definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

A aprobación dos devantidos pregos corresponderá ó órgano de contratación correspondente.

Polo demais, á vista da lexislación aplicable, fundamentalmente as correspondente instrucións, o Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e as súas modificacións, o R.D.1098/2001, de 12 de outubro que o desenvolve, o RD 817/2009, o presente informe emítese con **CARÁCTER FAVORABLE** ao prego indicado.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017.

A Letrada da Xunta de Galicia

Letrada- xefe do Gabinete de Asesoramento e apoio a actualización normativa.

Beatriz Allegue Requeijo.



PREGO DE CLÁUSULAS PARTICULARES QUE REXERÁ NO PROCEDEMENTO ABERTO E TRÁMITE ORDINARIO E DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADO PARA O CONTRATO DUN SUMINISTRO SUCESIVO DE FORRAXES PARA A ALIMENTACIÓN DOS SEMENTAIS DA SOCIEDADE MERCANTIL PÚBLICA AUTONÓMICA XENÉTICA FONTAO, S.A.

PROCEDEMENTO ABERTO

TRÁMITE ORDINARIO



FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS.

PROCEDEMENTO ABERTO E TRÁMITE ORDINARIO E DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADO PARA O CONTRATO DUN SUMINISTRO SUCESIVO DE FORRAXES PARA A ALIMENTACIÓN DOS SEMENTAIS DA SOCIEDADE MERCANTIL PÚBLICA AUTONÓMICA XENÉTICA FONTAO, S.A.

A.- OBXECTO DO CONTRATO E DURACIÓN

Suministro sucesivo de **FORRAXES** para a sociedade mercantil pública autonómica Xenética Fontao, S.A. (en adiante XF).

DURACIÓN: UN ANO DENDE A FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

B.- RÉXIME XURÍDICO

Segundo punto 1 do prego de condicións.

C.- IDENTIFICACIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E PERFIL DO CONTRATANTE

Órgano de contratación: Consello de Administración de XF
Perfil do contratante: poderá consultarse na páxina web de XF (www.xeneticafontao.com) e na plataforma de contratación autonómica (www.contratosdeg Galicia.es).

D.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

Forma de adxudicación: PROCEDEMENTO ABERTO.

Tipo de tramitación: ORDINARIA E DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADO

E.- CONDICIÓNS DE APTITUDE ESIXIBLES PARA CONTRATAR

A capacidade de contratar acreditarase de acordo ao establecido no artigo 72 do T.R.L.C.S.P.

En ningún caso poderán contratar con XF as persoas que estean incursas nalgún dos supostos do artigo 60 do T.R.L.C.S.P.



As empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea estarase ao disposto no artigo 58 do T.R.L.C.S.P.

As empresas non españolas e non comunitarias estarán ao disposto no artigo 55 do T.R.L.C.S.P.

As unións de empresarios poderán contratar con XF segundo o establecido no artigo 59 do T.R.L.C.S.P.

F. SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO

Prezo unitario.

Lote 1: Palla Picada F2 ou equivalente

Ud.	DESCRIPCIÓN	TM	PREZO UNITARIO Sen IVE MÁX. €/TM	PRESENTACIÓN
TM	Palla Picada F2	2.000,00	90	PACAS

G. ORZAMENTO

O importe total do contrato e de **180.000 €** (IVE excluído).

O orzamento máximo total do presente contrato é de **198.0000 €** (IVE incluído do 10%).

O valor estimado do presente contrato é de **198.000,00 €**. O valor estimado do contrato ven determinado polo importe total, sen incluír o Imposto sobre o valor engadido (IVE) mais o importe máximo das modificacións previstas (10%), de acordo co apartado W da Folla de especificacións.

H. ESIXENCIA DE CLASIFICACIÓN.

Non se require.

I. CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O subministro será financiado ás dotacións previstas nos orzamentos de explotación e capital de XF.

J. DOCUMENTOS QUE REVISTEN CARÁCTER CONTRACTUAL

Sen prexuízo das obrigas adicionais asumidas polo adxudicatario ao formular a súa proposición, revestirán carácter contratual os seguintes documentos e na seguinte prelación en caso de contradición:

- O prego de condicións e a súa folla de especificacións.
- O prego de prescricións técnicas.

- O documento de formalización.

K. GARANTIA PROVISIONAL

Non se require.

L. GARANTIA DEFINITIVA

5% do importe base de licitación.

M. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As proposicións presentaranse na seguinte dirección:

Centro de Xenética Fontao, SA, (sito en Fontao –Esperante- 27210 Lugo).

O prazo para a presentación de proposicións será o sinalado no anuncio de licitación publicado no perfil de contratante de Xenética Fontao, S.A, na Plataforma de Contratos de Galicia, e nun diario de ámbito galego.

Poderase presentar a documentación por correo segundo se explica no apartado “12” do prego de condicións.

N.- MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

Nos casos nos que, conforme o artigo 65 do T.R.L.C.S.P., non se requira clasificación, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira polos medios precisados nos párrafos seguintes.

A solvencia económica e financeira do empresario deberá acreditarse mediante o volume anual de negocio no ámbito o que se refire o contrato, que terá que ser coma mínimo un importe igual ou superior ao orzamento da presente licitación.

O volume anual de negocio do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocio mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

De acordo co establecido no artigo 146.4 de TRLCSP, engadido pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, só será necesario incluír no sobre A, unha declaración responsable do candidato indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración (ANEXO II).

No caso de resultara adxudicatarios, a documentación acreditativa da solvencia económica ou financeira presentaranse en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada.

O.- MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

A acreditación da solvencia técnica deberá xustificarse mediante unha relación das principais contratacións de suministros de tipoloxía semellante á que é o obxecto deste PROCEDIMENTO efectuadas durante os tres últimos anos, indicando o seu importe, data, e destino público ou privado, á que se incorporarán os correspondentes CERTIFICADOS sobre estas.

Os suministros efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

Reputarase solvente ao licitador que declare ter executado en conxunto suministros semellantes que representen un volume de negocio igual ou superior a 180.000 euros.

De conformidade co anterior, e en relación coa solvencia técnica e profesional o licitador deberá cubrir os seguintes datos:

RELACIÓN DE SUBMINISTROS SEMELLANTES NOS ÚLTIMOS TRES ANOS

Denominación e obxecto concreto:

Importe:

Data de finalización da execución (día/mes/ano):

Destinatario:

O citado período de tres anos abranguerá:

- Respecto do ano 2014 dende o día equivalente ao de finalización do prazo de presentación de proposicións e ata o 31/2014.
- Os anos 2015, 2016 completos.
- E o período transcorrido do ano 2017 ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Para acreditar a solvencia necesaria o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas,



sempre que demostre que, para a execución do contrato dispón, efectivamente, deses medios durante o tempo que sexa necesario para executar o contrato.

A disposición de medios aportados a través doutra entidade demostrarase mediante a exhibición do correspondente documento de compromiso, emitido pola entidade colaboradora, e que en caso de resultar adxudicatario/s do contrato, os licitador/es se comprometen a executar o mesmo e cos mesmos medios que aportara para acreditar a súa solvencia.

Para os efectos da valoración da súa relación, ou no correspondente á presente contratación, deberán estar correctamente identificados os respectivos obxectos dos traballos referidos.

A documentación acreditativa da solvencia técnica ou profesional deberá vir debidamente asinada polo representante da empresa. No caso de xustificar mediante certificacións, estas presentaranse en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada.

De acordo co establecido no artigo 146.4 de TRLCSP, engadido pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, só será necesario incluír no sobre A, unha declaración responsable do candidato indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración (ANEXO II).

No caso de resultara adxudicatarios, a documentación acreditativa da solvencia técnica ou profesional presentaranse en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada.

P.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

CRITERIOS DE EVALUACIÓN AUTOMÁTICA MEDIANTE FORMULAS (A oferta presentarase en modelo ANEXO I no sobre B) MÁXIMO 100 puntos.

1. Oferta económica (Prezo unitario). Ponderación ata 90 puntos.

A valoración da mellora económica realizarase coa seguinte fórmula:

$$P_i = P_m \times (L - O_i / L - K)$$

Sendo P_i = Puntuación obtida

Sendo P_m = Puntuación máxima deste criterio

Sendo L = Orzamento base de licitación.

Sendo O_i = Orzamento da oferta a valorar

Sendo K = Orzamento óptimo que obterá a máxima puntuación do criterio

Considérase orzamento óptimo aquel que resulte de aplicar á media aritmética das ofertas admitidas á licitación, unha baixa en 10 unidades porcentuais do orzamento de licitación.

Para os efectos do artigo 152 do T.R.L.C.S.P. poderán ter a consideración de ofertas con valores anormais ou desproporcionados as proposicións económicas nas que a súa porcentaxe de baixa exceda en 10 unidades, pólo menos, a media aritmética das porcentaxes de baixa de todas as proposicións presentadas.

2. Redución do prazo máximo de entrega dende a solicitude por Xenética Fontao, S.A. da necesidade do subministro (Prazo máximo 48 horas)

Puntuación máxima 10 puntos..... Redución dun 50 % do prazo máximo

Puntuación mínima 0 puntos..... Non redución

Puntuacións intermedias de forma proporcional

Q.- EVALUACIÓN DAS OFERTAS CUXA CUANTIFICACIÓN DEPENDA DUN XUÍZO DE VALOR

NO ☒

SI ☐

R.- GASTOS ESIXIBLES AO ADXUDICATARIO

Non se esixen

S.- PRAZO E LUGAR DE EXECUCIÓN

Prazo: A entrega dos subministros realizarase segundo a programación indicada pola empresa.

Lugar: Xenética Fontao, SA, (sito en Fontao -Esperante. 27210 - Lugo)

T.- PRAZO DE GARANTÍA

NON PROCEDE, segundo informe realizado incluído no expediente de contratación.



U.- REVISIÓN DE PREZOS

NON PROCEDE, segundo informe realizado incluído no expediente de contratación.

V.- PENALIZACIÓN

No caso de que o contratista incorrese en mora no cumprimento do prazo total ou parcial do contrato por causas imputables a el, o Órgano de Contratación, sen necesidade de intimación previa, poderá optar pola resolución do contrato con perda de garantía definitiva e indemnización dos danos e perdas ocasionados a XF, no que exceda do importe da garantía incautada, ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora acaden un múltiplo do cinco por cento do prezo do contrato, o Órgano de Contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da execución con imposición de novas penalidades diarias, na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato (artigo 212 do T.R.L.C.S.P.).

As penalidades imporanse por acordo do Órgano de Contratación, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

Prevenise penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme aos artigos 64 e 118 do T.R.L.C.S.

Entenderase como cumprimento defectuoso da prestación, o subministro que sexa rexeitado, mediante informe asinado polo técnico especialista da empresa, como consecuencia do incumprimento das condicións establecidas no prego de prescricións técnicas.

Estas penalidades deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato.

A aplicación e o pagamento destas penalidades non exclúe a indemnización a que XENÉTICA FONTAO poida ter dereito por danos e perdas ocasionados con motivo do atraso ou cumprimento defectuoso imputable ao contratista

V.- VARIANTES

Non se admiten variantes, pero si as melloras prevista no apartado P da folla de especificacións.

W.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Este contrato poderá ser modificado dacordo co establecido na cláusula 30 do prego de cláusulas particulares. No caso de que, dentro da vixencia do contrato, as necesidades reais fosen superiores as estimadas inicialmente, deberá tramitarse a correspondente modificación, nos termos previstos no artigo 106 do TRLSCP, e antes de que se agote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose a eses efectos o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.

O importe máximo que suporán estas modificacións será do 10% do orzamento de licitación, segundo o indicado no apartado G da folia de especificacións

Santiago,.....de.....de 2017,

A/O Presidenta/e do Consello de Administración de Xenética Fontao, S.A.



PREGO DE CONDICIÓN

PREGO DE CLÁUSULAS PARTICULARES QUE REXERÁ NO PROCEDEMENTO ABERTO E TRÁMITE ORDINARIO E DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADO PARA O CONTRATO DUN SUMINISTRO SUCESIVO DE FORRAXES PARA A ALIMENTACIÓN DOS SEMENTAIS DA SOCIEDADE MERCANTIL PÚBLICA AUTONOMICA XENÉTICA FONTAO, S.A.

PROCEDEMENTO ABERTO

TRÁMITE ORDINARIO

1. Definición obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é o suministro sucesivo para a sociedade mercantil pública autonómica Xenética Fontao, S.A. (en adiante XF) de **FORRAXES**, segundo as características definidas no prego de prescricións técnicas e no apartado A da folla de especificacións.

2. Réxime xurídico

O contrato celebrado terá a consideración de contrato privado.

A presente contratación, en canto a súa adxudicación, rexeráse polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o Órgano de Contratación, os licitadores e, no seu momento, as empresas adxudicatarias, polo prego de prescricións técnicas que regula as características da prestación que é obxecto da contratación, pola Instrucción reguladora dos procedementos para a contratación de XF, publicada na web da empresa (www.xeneticafontao.com), e no seu defecto o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro en adiante T.R.L.C.S.P e as súas disposicións de desenvolvemento, no que sexa aplicable a XF, aplicándose supletoriamente as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexeráse polo dereito privado.

Conforme ao disposto na instrución terceira das instrucións internas en materia de contratación de Xenética Fontao, S.A., a orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción dos contratos que celebre Xenética Fontao, S.A. Tamén coñecerá daquelas cuestións litixiosas que afecten á preparación e adxudicación dos ditos contratos.

Faise sometemento expreso das partes aos foros e tribunais da Cidade de LUGO.

A empresa acepta de forma expresa a súa submisión á lexislación e pregos anteriormente citados. Os contratos que resulten do procedemento de adxudicación axustaranse ao contido dos pregos, formando estes parte integrante deles.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte del, ou das instrucións, normas ou pregos de toda índole formulados por XF que poidan ter aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

3. Identificación do órgano de contratación e perfil de contratante.

O Consello de Administración de XF é o órgano contratante da sociedade.

O perfil de contratante poderá consultarse na páxina web de XF (www.xeneticafontao.com), na sección adicada a “PERFIL DO CONTRATANTE” e na plataforma de contratación autonómica (www.contratosdegalicia.es).

4. Procedemento e forma de adxudicación.

A adxudicación da presente contratación realizarase segundo o previsto no apartado D da folia de especificacións tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan na no apartado P da folia de especificacións, por ser os adecuados para avaliar as características do servizo a realizar.

5. Condicións de aptitude esixibles para contratar.

Só poderán contratar con XF, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade para obrar, non estean incursas na prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co esixido neste prego, e que a súa actividade teña relación directa co obxecto do contrato segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, acreditándose debidamente, e dispoñendo dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

En ningún caso poderán contratar coa Empresa Pública XF, S.A. as persoas que estean incursas nalgún dos supostos de prohibición do artigo 60 do T.R.L.C.S.P..

Respecto das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea estarase ao disposto no artigo 58 do T.R.L.C.S.P.

En canto as empresas non españolas e non comunitarias estarase ao disposto no artigo 55 do T.R.L.C.S.P..

Poderán contratar con XF as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor. As unións de empresarios estarán ao disposto no artigo 59 do T.R.L.C.S.P..

Consonte prescribe o artigo 24 do RXLCAP, en todo o que non se opoña ao establecido no T.R.L.C.S.P., para que durante a fase previa á adxudicación do contrato a unión temporal sexa eficaz fronte a XF será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados na dita unión temporal indiquen en documento privado os nomes e circunstancias daqueles que a subscriban, a participación de cada un deles, e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en Unión Temporal de Empresas, no caso de resultar adxudicatarios. Dito escrito deberá designar a persoa que durante a vixencia do contrato ostenta a representación de todos eles fronte a XF.

6. Sistema de determinación de prezo.

Por prezos unitarios

7. Orzamento

O orzamento base de licitación será establecido no apartado "G" da folia de especificacións. O tratarse dun suministro sucesivo e estar subordinadas as entregas ás necesidades de XF, o orzamento indicado determinase con carácter de máximo e correspóndese coa estimación de consumo prevista.

A tódolos efectos entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden non só o prezo do contrato, senón tamén cantos recargos e impostos sexan legalmente repercutibles e demais gastos que fosen de aplicación. Sen embargo, e segundo o artigo 87 do T.R.L.C.S.P., indicarse como partida independente o importe do Imposto sobre o valor engadido, IVE, que deba soportar XF.

O orzamento base de licitación considéranse como prezo máximo de licitación, polo que se desestimarán as ofertas que superen dito orzamento.

Siñálase que o contrato ten carácter global, incluíndo a totalidade do subministro a executar.



8. Esixencia de clasificación.

9. Crédito orzamentario.

10. Garantía provisional.

A garantía provisional responderá do mantemento das ofertas ata a adxudicación do contrato, e para o licitador, que resulte adxudicatario, do cumprimento da obriga de presentar a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e da Seguridade Social, de calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, ou da efectiva disposición dos medios que se houberen comprometido a adscribir á execución do contrato que lle sexan reclamados, e da constitución da garantía definitiva.

A garantía esixida poderá presentarse en calquera das formas establecidas no artigo 96 do T.R.L.C.S.P., e o regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RD 1098/2001).

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. En todo caso, a garantía será retida ao adxudicatario ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación. O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución de esta última, en cuxo caso a garantía provisional cancelárase simultaneamente á constitución da definitiva.

O documento referente á garantía provisional presentarase en sobre independente dentro do sobre "A".

11. Garantía definitiva.

O adxudicatario entregará a XF o documento acreditativo da constitución da garantía definitiva no prazo de (10) dez días hábiles unha vez requirida ó ser seleccionado, equivalente ao 5 % do importe de licitación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido ou do orzamento base de licitación cando o prezo se determine en prezos unitarios.

A garantía definitiva responderá do cumprimento íntegro, polo adxudicatario, das obrigacións asumidas en virtude do propio contrato.

Entenderase que o aval debe presentarse con renuncia ao beneficio de excusión a que se refire o artigo 1.830 do Código Civil, o primeiro requirimento, así como que o seguro debe constituírse con renuncia do asegurador a opoñer ao asegurado as excepcións que puideran corresponderlle contra o tomador.

En todo caso a garantía esixida poderá presentarse en calquera das formas establecidas no artigo 96 do T.R.L.C.S.P., e o regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RD 1098/2001).

No caso de incorrer en presunción de temeridade algunha oferta, de acordo coas condicións sinaladas no apartado "P" da folla de especificacións, aplicaráselle os procedementos indicados no T.R.L.C.S.P. a efectos de que o licitante poda continuar no proceso.

En calquera caso, cando a adxudicación se realice en favor do empresario cuxa proposición estivera incursa inicialmente en presunción de temeridade, esixirase ao mesmo unha garantía definitiva do 10 por 100 do importe base de licitación, de conformidade co disposto polo artigo 95 do T.R.L.C.S.P.

A garantía será devolta ou cancelada de acordo co disposto no artigo 102 do T.R.L.C.S.P..

12. Lugar e prazo das proposicións.

A documentación para participar neste procedemento, deberá presentarse en man dentro do prazo sinalado na folla de especificacións, no Rexistro do Centro de Xenética Fontao, SA, (sito en Fontao – Esperante-27210 Lugo.). O incumprimento do lugar de presentación das proposicións será causa de

exclusión do procedemento se as proposicións son recibidas no Rexistro Xeral de XF na dirección anteriormente indicada, posteriormente o prazo de presentación sinalado.

Asimesmo, os sobres poderán ser enviados por correo dentro do prazo de admisión sinalado no apartado "M" da folla de especificacións deste prego. Cando a documentación se envíe por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición de envío na oficina de correos e anunciar a XF a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no mesmo día. Non será admitida a proposición sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos. Non obstante, transcorridos dez días naturais dende a indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

Para o caso de que exista diferenza entre o huso horario do lugar de presentación da proposición e o lugar de recepción, predominará o huso horario do lugar de presentación. As proposicións recibidas no Rexistro Xeral de XF na dirección anteriormente indicada, posterior o prazo de presentación sinalado serán excluídas do procedemento.

13. Variantes.

Non se admiten variantes pero si melloras segundo o apartado "P" da Folla de especificacións.

14. Medios de acreditación da solvencia económica e financeira.

Segundo os medios especificados no apartado "N" da folla de especificacións.

15. Medios de acreditación da solvencia técnica ou profesional

Segundo os medios especificados no apartado "O" da folla de especificacións.



16. Formalización das proposicións.

A documentación presentárase en dous sobres independentes redactada en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma Galega e tratándose de empresas estranxeiras deberán acompañar a tradución oficial.. Os sobres presentaranse pechados.

Será preciso que o licitador aporte a documentación que integra a proposición dividida en dúas partes: SOBRE A: DOCUMENTACIÓN XERAL e SOBRE B: DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA. A inclusión da proposición económica ou criterios que se deban incluír no sobre B no sobre A determinará a exclusión do licitador.

No exterior do sobre, en forma ben visible, e sen que sexa necesaria a súa apertura, consignárase o seguinte:

Segundo corresponda indicárase **SOBRE A: DOCUMENTACIÓN XERAL** e **SOBRE B: DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA**.

- Título do proxecto.
- Referencia completa do expediente e da súa clave .
- INDICARASE O NÚMERO/S DE LOTE/S O QUE SE PRESENTAN OFERTAS se fose o caso.
- Licitador (nome e apelidos ou, se é o caso, denominación social).
- Número de fax.
- Número de teléfono.
- Enderezo.
- Enderezo de correo electrónico.
- Número de inscrición do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Número de inscrición do Rexistro de Empresas Acreditadas.
- Data e sinatura do licitador ou, se é o caso, do representante legal.



No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente, procurando, así mesmo, que o contido de cada sobre se atope debidamente paxinado.

De acordo co establecido no artigo 146.4 de TRLCSP, engadido pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, só será necesario incluír no sobre A, **unha declaración responsable do candidato indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración (ANEXO II).**

Esta declaración substitúe aos documentos que se indican na cláusula 18 deste prego, que acreditan a personalidade e a capacidade de obrar do empresario, así como a habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible; a representación do empresario; a solvencia económica ou financeira; a solvencia técnica ou profesional (ou no seu caso, a clasificación); a acreditación de no estar incursos en prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración (en particular, de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, tanto coa facenda do Estado, como coa autonómica, a local, e coa Seguridade Social) impostas polas disposicións vixentes; a inscrición nun rexistro oficial de licitadores.

De acordo co artigo 146.5 do TRLCSP, **o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións, data que debe ter en conta o licitador aos efectos de poderlos acreditar, se resulta adxudicatario.**

Todas as empresas licitadoras, pertencen ou non a un grupo empresarial, entendendo por tal aquelas que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42.1 de Código de Comercio ou sociedades nas que concorran algún destes supostos, deberán presentar tamén declaración (mesmo Anexo II) na cal se faga constar a devandita circunstancia, así como o suposto do mencionado artigo no que se encontren incursas para os efectos do disposto no artigo 145.4, parágrafo segundo do TRLCSP e 86 de RXLCAP, aos efectos da aplicación do réxime de apreciación de ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

No caso de presentarse ofertas por unha unión de empresarios, a declaración responsable deberá subscribirse por cada unha das empresas que a constitúen. Así mesmo deberán presentar o escrito de compromiso de UTE co contido que esixe o artigo 59.2, parágrafo segundo, do TRLCSP.



16.1. Documentación oferta económica e criterios de valoración automática mediante fórmulas (sobre B) que conterá:

- 1- O sobre B conterá igualmente a **Proposición Económica** conforme ao modelo que figura como **Anexo I**. Non se aceptarán aquelas ofertas que teñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente o que o Órgano de Contratación estime fundamental para considerar a oferta.
- 2- Xustificación dos prazos de execución nos que o licitador se compromete a realizar a subministro dende que se lle requira para o efecto, con expresión, se é o caso, da organización con elementos persoais e materiais para a execución do subministro.
- 3- Catálogos, descrições, fotografías, mostras e cantos outros datos e documentos permitan avaliar a adecuación do subministro ofertados á satisfacción das necesidades obxecto do contrato de conformidade co Prego de Prescricións técnicas ou das melloras ofertadas dacordo os criterios de valoración (apartado "P" da folla de especificacións).
- 4- Calquera outra información que, por considerala interesante o licitador, poida estar contida nos criterios a valorar polo Órgano de Contratación.
- 5- Neste sobre incluírase, se é o caso, para a aplicación do establecido na cláusula de criterios de valoración de fórmulas de desempate desta folla de especificacións, a relación laboral con persoas con discapacidade acreditarase mediante a achega neste sobre da seguinte documentación:
 - Declaración responsable do número de traballadores fixos discapacitados e porcentaxe que estes representan sobre o total da plantilla.
 - Documento TC2 (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa.
 - Relación dos traballadores fixos discapacitados acompañada da resolución ou certificación acreditativa do grao e vixencia da discapacidade.
 - Contrato de traballo dos traballadores fixos discapacitados.

Se é o caso, documentación xustificativa de ter implantado a entidade un plan de igualdade ou de ter obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de conformidade co establecido na Lei

2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, para os efectos do disposto nos seus artigos 11 e 19, segundo o reflectido nas fórmulas de desempate deste prego de condicións.

As ofertas que excedan do prezo máximo fixado polo órgano de contratación así como as que sexan incorrectamente formuladas serán rexeitadas.

17. Mesa de Contratación.

A mesa de contratación estará composta por:

- a) Un presidente, que poderá ser un Director – Técnico ou Técnico de cadro de XF ou ben un Técnico funcionário da CMR.
- b) Dous vogais, designados entre o persoal de cadro de XF ou persoal funcionário da CMR.
- c) Un Asesor Xurídico ao servizo da Sociedade ou da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.
- d) Un secretario que poderá ser o secretario do Consello de Administración, que actuará sen voto.

A mesa estará asistida polos técnicos asesores que se consideren necesarios, que a informarán sobre as cuestións das súas respectivas competencias e por requirimento da mesa, pero sen dereito a voto. Poderán pedir, sen embargo, que consten en acta as observacións que consideren preciso formular.

Os membros da mesa poderán delegar, noutros membros da mesma, por escrito e para cada sesión, a súa representación e voto.

Corresponde ao Presidente da mesa de contratación acordar a convocatoria, dirixir as deliberacións e exercer cantas funcións sexan inherentes á súa condición. Dirimirá co seu voto en caso de empate.

Das reunións da mesa de contratación levantarase acta, que será asinada por todos os seus membros.

Os membros da mesa deberán pronunciarse necesariamente sobre a proposta que proceda facer ao Órgano de Contratación, sem posibilidade de abstención na correspondente votación. Os que discrepen do acordo adoptado pola maioría poderán facer constar na acta o seu voto particular ao tempo da sinatura.

Unha vez concluído o prazo sinalado para a presentación de ofertas, a mesa de contratación examinará e cualificará a

documentación aportada, podendo conceder un prazo de subsanación non superior a tres días hábiles, exclusivamente para a corrección de erros ou defectos materiais e subsanables no tocante á Documentación contida no SOBRE A; con apercibimento de exclusión definitiva do licitador que nese prazo non realice a subsanación. A estes efectos, XF comunicarao verbalmente aos interesados, sen prexuízo de que as circunstancias reseñadas se comuniquen por fax (con confirmación da recepción) e se fagan públicas a través do anuncio do presidente da mesa de contratación no taboleiro de anuncios ou na páxina web www.xeneticafontao.com de XF.

Unha vez examinada a documentación administrativa, a Mesa, no día sinalado no anuncio, procederá a apertura do sobre B, em acto público, no lugar e día indicados no anuncio de licitación. Neste acto, os licitadores poderán comprobar que os sobres B se atopan perfectamente pechados e nas mesmas condicións en que foron entregados e informaráselles sobre as empresas admitidas a licitación e as rexeitadas indicando neste caso as causas do seu rexeitamento. Asi mesmo, invitarase os licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas contra o acto celebrado, as cales deberán formularse por escrito no prazo máximo de dous días hábiles seguintes, dirixíndose o órgano de contratación. Cando para a valoración das proposicións se teñan en conta criterios distintos o prezo, a mesa de contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente poderá solicitar eses informes cando sexa necesario verificar que as ofertan cumpren coas especificacións técnicas do prego.

As proposicións serán secretas e abritaranse os medios que garantan tal carácter.

Unha vez realizados os trámites indicados nos puntos anteriores e valorados os aspectos contidos no sobre B, a mesa de contratación procederá á valoración global das proposicións presentadas, e que non foran declaradas anormais e desproporcionadas conforme ao sinalado no artigo 152 do TRLPC, clasificándoas de por orde decrecente e identificará as economicamente máis ventaxosas.



Posteriormente, a mesa de contratación elevará a proposta de clasificación das ofertas ao órgano de contratación. A proposta de adxudicación do contrato non xera dereito fronte á XF a favor do licitador ou licitadores propostos, mentres non se formalice o contrato.

18. Criterios de adxudicación.

Os criterios de adxudicación son os sinalados no apartado “P” da folla de especificacións.

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar esta clasificación atenderá aos criterios de adxudicación sinalados neste prego, podendo solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes.

18.1 Documentación a esixir antes da adxudicación.

18.1. a) *Documentos relativos á súa capacidade e solvencia para contratar (substituídos no sobre A pola declaración do Anexo II):*

De acordo co establecido no artigo 151.2 do TRLCSP e nos artigos 13 a 16 do RXLCAP, e tendo en conta o artigo 146.4 do TRLCSP, engadido polo Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, os licitadores ou candidatos que presentasen o oferta economicamente máis vantaxosa, deberá acreditar ante o órgano de contratación, antes da adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos relativos á súa capacidade e solvencia para contratar (substituídos no sobre A pola declaración do Anexo II) . O órgano de contratación requirirá aos licitadores que presenten a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar seguinte a aquel en que se recibira o requirimento, presenten a seguinte documentación:

- **Licitadores non inscritos no rexistro de contratistas.**

No sobre figurarán os documentos (ou fotocopias dos mesmos, debidamente legalizadas ou cotexadas nas oficinas de XF) seguintes:

- Documento acreditativo da personalidade e capacidade do contratista, que será o DNI se trata de persoa física, ou, se a empresa é persoa xurídica, copia auténtica ou compulsada do Código de Identificación Fiscal, a escritura de constitución ou de modificación da mesma, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar

realizárase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial . (Artigo 72 do T.R.L.C.S.P.).

- O licitador poderá presentar a documentación esixida, no caso de que sexa notarial, axustada ós requisitos que establece o Regulamento notarial, polo que se refire a súa legalización e lexitimación. No caso de documentos administrativos poderanse presentar os orixinais ou fotocopias debidamente cotexadas por notario ou nas oficinas de XF por persoal da entidade.
- Os empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos Rexistros e presentación das certificacións que se indican no artigo 72 do T.R.L.C.S.P..
- As empresas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar com certificación expedida pola Embaixada de España no estado correspondente, facendo constar que están inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no ámbito das actividades obxecto do contrato. Neste suposto, será necesario presentar informe da representación diplomática española sobre a condición de estado asinante do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio ou, en caso contrario, o informe de reciprocidade reflectido no artigo 55 do T.R.L.C.S.P..
- As empresas de estados non pertencentes á Unión Europea para celebrar contratos de obras será necesario, que teñan aberta sucursal en España con designación de apoderados ou representantes para as operacións, e que estean inscritos no Rexistro Mercantil.
- Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate dunha persoa xurídica deberá acompañar un poder declarado bastante pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e igualmente documento nacional de identidade ou documento que o reemprace, da persoa que asine a proposición.
- Os licitadores deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira, técnica ou profesional, utilizando de entre os medios de acreditación previstos nos artigos 74, ao 84 do T.R.L.C.S.P. os que se indiquen no apartado "O" da folia de especificacións. O contratista de ser o caso deberá



estar clasificado no grupo , subgrupo e categoría indicados no apartado "H" da folla de especificacións.

- As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á xurisdición española, para tódalas incidencias que puideran xurdir do contrato, con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante.
- **Os licitadores inscritos no rexistro de contratistas.**

Os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia deberán face-lo constar así na parte exterior do sobre A, consignando tamén o seu número de inscrición.

Achegarase declaración responsable asinada polo licitador na que manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación, de conformidade co modelo que se achega como anexo II a este prego.

Ao abeiro do disposto no Decreto 262/2001, do 20 de setembro, polo que se refunde a normativa reguladora do Rexistro xeral de contratistas, se os licitadores se atopan inscritos no rexistro de contratistas, e consta nel que teñen actualizados os certificados de estaren ao corrente no pagamento das obrigas tributarias e da Seguridade Social, só deberán presentar a documentación que acredite a solvencia económica e financeira, técnica ou profesional.

No suposto de que algún destes certificados non conste actualizado no devandito rexistro, deberase acreditar ante a mesa de contratación, ou de ser o caso, ante o órgano de contratación

Se un licitador nese prazo de 10 días hábiles non cumpre axeitadamente o requirimento de achegar a documentación recollida nesta cláusula 18.1. a), no caso de que houberse defectos ou omisións emendables na documentación a xuízo da mesa concederáse un prazo de tres días hábiles para corrixilos.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recadar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

18.1.b) Outra documentación a presentar: No prazo de dez (10) días hábiles, seguintes a aquel no que reciba o requirimento, o licitador que presentou a oferta máis vantaxosa deberá presentar a seguinte documentación xustificativa:



- a) Certificación positiva de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- b) Certificación positiva de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Facenda.
- c) Certificación positiva de atoparse ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- d) Presentación, orixinal ou copia cotexada, de alta do exercicio corrente ou do último recibo do Imposto de Actividades Económicas, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto, segundo o disposto no artigo 13.1 a) en relación co artigo 15.1, ámbolos dous do RXLCAP.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento desta documentación no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

18.2 Formalización da adxudicación.

O prazo máximo para efectuar a adxudicación será de 2 meses a contar dende a apertura das proposicións.

De acordo co establecido no artº 11.4 da Lei 2/2007 do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, as empresas que implantasen un plan de igualdade terán preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia sempre e cando as proposicións presentadas igualem nos seus termos as máis vantaxosas dende o punto de vistas dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación, segundo o seguinte orde de preferencia:

En primeiro lugar:

A empresa no momento de acreditar a solvencia técnica conte na súa plantilla porcentaxe de traballadores con discapacidade superior o dous por cento.



En segundo lugar:

Se tras a aplicación do criterio anterior continuarán producíndose empates entre dúas ou máis empresas licitadoras, pra determinar a preferencia na adxudicación aplicárase o disposto no artigo 11.4 da Lei 2/2007 , do 28 de marzo de traballo e igualdade das mulleres de Galicia. Se unha empresa obtivese unha adxudicación facendo uso deste preferencia, quedará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante todo o prazo do contrato.

19. Notificación e publicación da adxudicación.

De acordo co artº 135, a adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso , a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

1. En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimara a súa candidatura.
2. Con respecto os licitadores excluídos de procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admite a súa oferta.
3. En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fora seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentar os restantes licitadores cuxas ofertas foran admitidas.

En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, pode efectuarse por correo electrónico a dirección que os licitadores ou candidatos designarán ao presentar as súas proposición, nos termos establecidos no art. 28 da lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Sem embargo, o prazo para considerar rexeitadas a notificacións, cos efectos previstos no artº 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro será de cinco (5) días.

20. Formalización do Contrato

O contrato formalizarase en documento privado dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación.

Ao contrato que se formalice uniranse como anexos un exemplar deste prego de cláusulas particulares e do prego de prescricións técnicas particulares Cando o solicite o contratista, poderá elevarse a escritura pública, sendo a súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

21. Execución do contrato

O contratista estará obrigado á entrega da subministración no prazo máximo indicado na folla de especificacións ou prazo ofertado polo licitador, ou no inferior que se deduza da súa oferta, a contar dende a notificación da adxudicación.

Durante a vixencia do contrato, o órgano de contratación solicitará á empresa adxudicataria o número de unidades dos bens obxecto do mesmo que, en cada momento, vaia necesitando, formalizándose tales solicitudes en documentos de pedidos.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista.

O material será entregado, según necesidade, no lugar sinalado na carátula.

Os gastos de entrega e transporte e calquera outros que poderán xurdir serán por conta do adxudicatario.

O adxudicatario non terá dereito á indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á XF, segundo o establecido no parágrafo precedente, agás que esta incorrese en mora ao recibilos.



A entrega, para a súa constatación, esixirá por parte de XF un acto formal e positivo de recepción ou conformidade, dentro do mês seguinte de producirse. Cando a devandita comunicación sexa preceptiva.

Se os bens non se atopan en estado de poder ser recibidos, farase constar na acta de recepción e daránselle as instrucións precisas ao adxudicatario para que emende os defectos observados ou para que proceda a unha nova subministración, de conformidade co pactado.

O adxudicatario está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en relación coa actividade desenvolvida. Para utilizar materiais, subministracións, procedementos e equipos na execución do obxecto do contrato deberá obter as cesións, permisos e autorizacións necesarias, dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes, correndo da súa conta o pago dos dereitos e indemnizacións por tales conceptos, sendo responsable de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial e debendo indemnizar a XF por todos os danos e perdas se causen a terceiros derivados da execución do contrato, salvo que fosen consecuencia inmediata e directa dunha orde de XF.

A fin de asegurar o cumprimento das obrigas derivadas da execución do contrato, XF poderá exercer a facultade de dirección e inspección, tras a comunicación e identificación ante o contratista polos servizos técnicos propios de XF ou os expresamente concertados para o efecto. XF ten a facultade de ser informada do proceso de fabricación ou elaboración do produto que se deba entregar como consecuencia do contrato, podendo ordenar ou realizar por si a análise, o ensaio e as probas dos materiais que se vaian a empregar, establecer os criterios de control de calidade e ditar cantas disposicións estime oportunas para o estrito cumprimento do convido.

O adxudicatario quedará obrigado a facilitar a realización das inspeccións que acorde XF, facilitando os antecedentes, informes e datos necesarios para garantir a súa plena efectividade. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar, de ser o caso, á resolución do contrato.

Cando o adxudicatario, ou persoas del dependentes, incorra en actos ou omisión que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

No caso de que se estableza un prazo de garantía este comezará a contar dende a recepción formal do subministro.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos seus termos e a satisfacción de XF, a totalidade da prestación.

22. Prazo de garantía.

O prazo de garantía será o indicado no apartado "T" da folia de especificacións, ou de ser maior o ofertado polo contratista.

23. Penalidades por demora.

No caso de que o contratista incorrese en mora no cumprimento do prazo total ou parcial do contrato por causas imputables a el, o Órgano de Contratación, sen necesidade de intimación previa, poderá optar pola resolución do contrato con perda de garantía definitiva e indemnización dos danos e perdas ocasionados a XF, no que exceda do importe da garantía incautada, ou póla imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora acaden un múltiplo do cinco por cento do prezo do contrato, o Órgano de Contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da execución con imposición de novas penalidades diarias, na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato (artigo 212 do T.R.L.C.S.P.).

As penalidades imporanse por acordo do Órgano de Contratación, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

Prevenise penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme aos artigos 64 e 118 do T.R.L.C.S.P.. Estas penalidades deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato.

A aplicación e o pagamento destas penalidades non exclúe a indemnización a que XF poida ter dereito por danos e perdas ocasionados con motivo do atraso imputable ao contratista.

24. Forma de pago

XF terá obriga de aboar o prezo dentro do prazo de 30 días de data factura. XF só dará a súa conformidade á factura si o subministro foi realizada conforme ás condicións previstas.

Así mesmo a factura deberá referirse os subministros realizados e deberá constar a nome de Xenética Fontao. S.A. (A 27222207).

Presentarase no Rexistro Xeral da Empresa a atención do DEPARTAMENTO DE CONTABILIDADE, sito en: Fontao-Esperante- LUGO.

En caso de desconformidade coa factura presentada XF deberá manifestar as causas da mesma nun prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da súa recepción.



31. Gastos esixibles ao adxudicatario.

Conforme o disposto no apartado R da folla de especificacións.

32. Resolución do contrato.

Serán causas de resolución do contrato:

- a) Por mutuo acordo. Só poderá ter lugar cando non concorran outras causas de resolución que sexa imputable ao contratista, e sempre que razóns de interés público fagan innecesaria ou inconvinte a permanencia do contrato.
- b) En caso de declaración de concurso e mentres non se producira a apertura da fase de liquidación, o Órgano de Contratación potestativamente continuará o contrato se o contratista prestara as garantías suficientes a xuízo de aquela para a súa execución.
- c) O incumprimento das obrigas derivadas do contrato por parte de XF orixinará a resolución de aquel só nos casos previstos no T.R.L.C.S.P..

A resolución do contrato terá lugar, ademais, nos restantes supostos sinalados no artigo 223 e 299 da TRLCSP. Os efectos e extinción do presente contrato, rexeranse polo dereito privado.

35. Modificación do contrato.

Dacordo coa Disposición adicional trixésima cuarta do RTLCS, (introducida pola disposición final decimoterceira da Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas) si dentro da vixencia do acordo marco, as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, deberá contemplarse a posibilidade de modificación do orzamento indicado con carácter de máximo.



Os supostos contemplados que poden dar lugar a eventuais modificacións que incrementen o importe inicialmente previsto recóllense no apartado W da Folla de Especificacións.

Por outra banda o órgano de contratación reservase a facultade modificar o contrato, con suxeición ao disposto nesta cláusula:

1 En particular, considerarase que concorren motivos de interese público pra modificacións de contrato que se realicen cuxa finalidade sexa o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Neste caso, as devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

2 Modificacións previstas

De acordo co disposto no artigo 106 do T.R.L.C.S.P, o contrato poderá modificarse co obxecto de dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo e execución.

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de insuficiencia orzamentaria sobrevenida e persistente para o financiamento do contrato correspondentes.

Entenderase que a insuficiencia orzamentaria e persistente se se produce durante dous trimestres consecutivos.

A insuficiencia orzamentaria considerarase sobrevenida cando:

- Se produza un descenso nas transferencias recibidas da administración autonómica respecto das previsións efectuadas

inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.

- Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.

- Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación de contrato.

- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria pola administración autonómica que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender a servizos públicos esenciais entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias etc.

No procedemento que se aplicará para estas modificacións do contrato será preciso dar audiencia ao contratista.

Naqueles supostos en que a modificación esixida excedese o límite previsto no presente prego para o exercicio desta potestade, o órgano de contratación promoverá a resolución do contrato para evitar unha lesión grave aso intereses públicos.

Obxecto das modificacións:

- a) Modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas:

As modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas serán efectuadas na porcentaxe que veña esixida polas circunstancias antes expresadas e cun límite máximo do 40% do presuposto do contrato.

A redución do prezo do contrato será proporcional á redución das prestacións, de forma que se respecto a ecuación financeira do contrato orixinario, sen alterar o seu equilibrio económico, atendendo aso prezos unitarios das unidades nas que se descompoña a prestación, ou , de no existir estes, atendendo a porcentaxe que representen as prestacións reducidas sobre o prezo total.

- b) Modificacións que teñan por obxecto a ampliación do prazo de execución do contrato:

Cando o obxecto do contrato consista nunha prestación para a que se tivese establecido unha data de realización ou entrega, o órgano de contratación poderá ampliar o prazo de execución do contrato e proceder a un reaxuste de anualidades.

O programa de traballo, se é o caso , revisarase para adaptalo aos novos importes anuais, debendo ser aprobado pólo órgano de contratación o novo programa de traballo resultante.

O reaxuste das anualidades será realizado na medida que veña esixida polo mantemento do seu financiamento orzamentario.

3 Modificacións non previstas.

En particular, considerarase que concorren motivos de interese público para as modificacións do contrato en casos non previsto de acordo co número 2 desta cláusula que se realicen de acordo co artigo 107 do TRLCSP e cuxa finalidade sexa o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Naqueles supostos en que os principios indicados fixesen necesario que a prestación se executase en forma distinta á pactada inicialmente e a modificación esixida excedese os límites previstos na lexislación de contratos do sector público para o exercicio desta potestade, o contrato poderá resolverse para evitar unha lesión grave aos intereses públicos.

36. Revisión de prezos.

NON PROCEDE, segundo informe realizado incluído no expediente de contratación.

Santiago, de 2017

A/O Presidenta/e do Consello de administración de Xenética Fontao, S.A.

ANEXO I

Don _____, con domicilio en _____, provincia de _____, rúa _____ número _____ e D.N.I. número _____, en nome (propio ou da Empresa que representa) _____ con C.I.F. _____, enterado do anuncio publicado no _____ do día ____ de ____ de _____ e das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de subministro _____ comprométese a tomar ó seu cargo a execución das mesmas, con estrita suxeición ós expresados requisitos e condicións, por un período de _____ e pola cantidade que se enumera de seguido:

Ud	DESCRICIÓN	PREZO UNITARIO OFERTADO (SEN IVE)
TM	Paja Picada F2 ou equivalente	€/TM

2. Oferto unha redución do prazo máximo de entrega desde a solicitude por Xenética Fontao, S.A. da necesidade de subministro dun.....%

....., a _____ de _____ de 2017

(Data e Sinatura do proponente)



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Número de expediente:

Denominación do contrato:

Data da declaración:

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA

Nome:

Apelidos:

NIF:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Enderezo para os efectos de notificación:

No caso de actuar en representación de persoa xurídica:

Entidade mercantil á que representa:

NIF:

Cargo:

1. DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
- Que coñezo e acepto incondicionalmente, sen excepción ou reserva ningunha, o prego de cláusulas particulares, o prego de prescricións técnicas particulares ou, no seu caso, proxecto de obra, así como a restante documentación de carácter contractual que regula a licitación de referencia.
- Que se cumpren os requisitos de capacidade de obrar para contratar coa Administración que esixen os artigos 54 e 72 do Real decreto 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Que ostento poderes abondo para representar á entidade licitadora (no caso de persoas xurídicas).
- Que se cumpren os requisitos de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional ou ben, de ser o caso, de estar en posesión da clasificación necesaria para a realización do obxecto do contrato de acordo co esixido no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Que me comprometo a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para este fin que, no seu caso, esixa o prego.
- Que no suposto de ser proposta como adxudicataria do contrato acreditarei, previo requirimento do órgano de contratación, a posesión e validez dos documentos esixidos segundo os artigos 146 e 151. 1 do TRLCSP e este prego.
- Que, de acordo co establecido no artigo 146.4 do TRLCSP, achegarei ante o órgano de contratación, cando así me sexa requirido en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para adquirir a condición de adxudicatario do contrato.

- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incursos en suposto algún aos que se refire o artigo 60 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).
 - Que no forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 3/2015, de 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeneral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeneral, nos termos establecidos na mesma.
 - Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto de estes últimos, ditas persoas ostenten a súa representación legal).
 - Que me atopo –ou a entidade á que represento atopase- ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
 - Que a entidade á que represento está dada de alta na matrícula correspondente do Imposto de Actividades Económicas, segundo o disposto no artigo 15 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP), e que:
 - ☐ Está ao corrente de pagamento.
 - ☐ Está exenta de conformidade co artigo 82.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
 - Que a persoa que declara –ou a entidade á que represento- está inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.
 - ☐ *Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado*
 - ☐ *Rexistro Xeneral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº de inscrición _____)*
 - Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):
 - ☐ Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que concorran algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
 - ☐ Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio.
- A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte (se a relación de empresas é moi extensa xuntarase en documento anexo):
- a)
 - b)
 - c).....

☐ (A cumprimentar só nos procedementos negociados) No caso de tratarse dun procedemento negociado por razón da súa contía, que non existe vinculación ou actuación baixo unidade de decisión ou dirección única con ningunha outra empresa licitadora.

- Que, de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento xeral de Lei de contratos das administracións públicas e 152 do TRLCSP, a entidade á que represento comprométese a achegar ou, se é o caso, facilitar tanta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.
- No caso de unión temporal de empresas indico, ademais, a efectos de notificación, nome e apelidos do representante, enderezo, teléfono e fax de contacto.

2. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS.

De conformidade cos artigos 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e 6.2.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, autorizo ao órgano contratante a consultar os datos que de seguido se relacionan:

(sinalar expresamente poñendo unha cruz ante o servizo autorizado)

- Consulta datos de identidade de persoas físicas
- Corrente de pagamento coa Seguridade Social
- Alta na Seguridade Social
- Estar ao corrente de pagamento de obrigas tributarias para a contratación coas administracións públicas
- Imposto sobre actividades económicas (IAE) de ámbito provincial e estatal

- Validación de NIF de persoas xurídicas contribuíntes
- Verificación de títulos oficiais universitarios
- Verificación de títulos oficiais non universitarios
- Consulta de datos sobre Imposto de Actividades Económicas de Navarra

3.- CORREO ELECTRÓNICO A EFECTO DE NOTIFICACIÓNS

COMPROMETOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico:

4.- DOCUMENTACIÓN CONFIDENCIAL

Ao abeiro do disposto no artigo 140.1 do TRLCSP declaro como confidencial a seguinte documentación contida na oferta:

.....

5.- CÓDIGO ETICO INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA

MANIFESTO coñecer o contido e alcance do Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 e publicado por Resolución do 8 de setembro de 2014 (DOG núm. 179 do 19/09/2014).

6.- DOCUMENTACIÓN DE DESEMPATE

No caso de que se produza un empate entre os licitadores deste procedemento, comprométome a presentar, no momento en que sexa requirida, a seguinte documentación

1. ...
2. ...
3. ...



7.- SOMETEMENTO AO FORO ESPAÑOL. (só para empresarios estranxeiros)

- Declaro someterme á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que me puidera corresponder.

Lugar e data

Sinatura:



ANEXO III

DECLARACIÓN DE NO VARIACIÓN

D. Dña., con el DNI núm., en nombre propio o en representación de la empresa....., con el NIF/CIF núm.


DECLARA BAJO SU RESPONSABILIDAD

Que me encuentro inscrito o la empresa a la que represento se encuentra inscrita en el Registro con el número y que las circunstancias reflejadas en la certificación del incluso no experimentaron variación.

....., de de 2017

(lugar, fecha,





Centro de
Selección y Reproducción Animal